


Xosé Manuel Silva, director xeral de Investigación da Comisión Europea: **Do corazón de Galicia ao cerebro de Europa**



Xosé Manuel Silva en Chantada. |

Xavier ALCALÁ

Paseamos. Neste momento, Xosé Manuel Silva non é o director xeral de Investigación da Comisión Europea senón un anónimo paseante de Bruxelas. O percorrido polo bosque dura horas e dá para moito falar. A luz é branda, o verdor tamén amolecido. No ollar agudo do compañeiro xa bateron luces máis fortes, cores máis intensas, comezando coas da Ribeira dos socialcos en outono, cando todo vira ocre e vermello á espera de que o inverno ispa aquela nobreza, de onde sae o viño.

—Eu necesito camiñar así, con forza, unhas cantas veces á semana —asegura sen que se lle corte a fala, mentres alanca con forza—. O meu sempre foi camiñar, botar para adiante.

Camiñamos e, pouco a pouco, ímonos encontrando en Chantada, en Madrid, na Coruña. Hai homes coa sorte de teren patria sen dúbida, lugar onde naceron e onde saben que se van enterrar entre veciños queridos. Xosé Manuel Silva Rodríguez naceu en Chantada, á beira do Miño, e alá acabará para sempre, quizais xa moi vello pois é de raza dura.

Paseamos. En este momento, Xosé Manuel Silva non é o director xeral de Investigación da Comisión Europea senón un anónimo paseante de Bruxelas. El recorrido por el bosque dura horas y da para hablar bastante. La luz es blanda, el verdor también apacible. En la mirada del compañero ya irrumpieron luces más fuertes, colores más intensos, comenzando con las de los viñedos de la Ribeira en otoño, cuando todo se transforma en ocre y rojizos a la espera de que el invierno despoje aquella nobleza, de donde sale el vino.

—Yo necesito caminar así, con fuerza, unas cuantas veces a la semana —asegura sin que se le corte el habla, mientras avanza con firmeza—. Lo mío siempre fue caminar, tirar para adelante.

Caminamos y, poco a poco, nos vamos encontrando en Chantada, en Madrid, en Coruña. Hay hombres con la suerte de tener patria sin duda, el lugar donde nacieron y donde saben que se van a enterrar entre vecinos queridos. Xosé Manuel Silva Rodríguez nació en Chantada, a las orillas del Miño, y allí aca-



O neno Xosé Manuel | El niño Xosé Manuel.

Xosé Manuel Silva, director general de Investigación de la Comisión Europea: **Del corazón de Galicia al cerebro de Europa**

O Xosé Manuel é fillo de dona Celsa, muller valente (capaz de soportar o asedio de Madrid cun filliño pequerrecho e, logo de caído Madrid, presentarse en Lugo a tirar da cadea os homes da súa familia) e de don Xosé, home cordial onde os houbera, gozador da vida, que se foi dela con mais de cen anos. Ambos fixeron moito ben e cando morreron Chantada encheuse de carteis chamando a funeral e enterro. Neles aparecían os nomes dos fillos, Darío e Xosé Manuel. A este engadíalle o alcume cariñoso, Cuqui; e xa se sabe que coas mortuorias non se brinca. Ponse nelas o que le sae do corazón.

Pero, aínda máis, seica en Bruxelas houbo festa grandísima no día en que “Mr. Silva-Rodríguez” deixou de ser director xeral de Agricultura da Comisión Europea para ser director xeral de Investigación. Correron os mellores comes e bebes de Galicia (incluíndo *Don Darío*, tinto, e *Dona Andrea*, branco, cos nomes dos avós do homenaxeado). Alí, a gozar das substancias galegas e a botar palabra, presentouse unha masa de xente cun letreiriño en lingua franca: “I love Cuqui”.

bará para sempre, quizá ya muy mayor pues es de raza dura.

Xosé Manuel es hijo de doña Celsa, mujer valiente (capaz de soportar el asedio de Madrid con un chiquillo y, tras caer Madrid, presentarse en Lugo a sacar de prisión a los hombres de su familia) y de don Xosé, hombre cordial donde los hubiera, gozador de la vida, de la que se desprendió con más de cien años. Ambos fueron muy queridos y cuando murieron Chantada se llenó de carteles llamando a funeral y entierro. En ellos aparecían los nombres de los hijos, Darío y Xosé Manuel. A este le añadieron el mote cariñoso, Cuqui; y ya se sabe que con las mortuorias no se enreda. Se pone en ellas lo que sale del corazón.

Pero, además, parece que en Bruselas hubo una gran fiesta en el día en que “Mr. Silva-Rodríguez” dejó de ser director general de Agricultura de la Comisión Europea para ser director general de Investigación. Corrieron los mejores comes y bebes de Galicia (incluyendo *Don Darío*, tinto, y *Dona Andrea*, blanco, con los nombres de los abuelos del homenajado). Allí, go-



Equipo de fútbol de Chantada. Xosé Manuel Silva é o segundo pola esquerda na ringleira de abaixo. O sexto pola esquerda na de riba é Francisco González, presidente do BBVA. | Equipo de fútbol de Chantada. Xosé Manuel Silva es el segundo por la izquierda en la fila de abajo. El sexto por la izquierda en la arriba es Francisco González, presidente del BBVA.

Cuqui, o director xeral da Comisión que máis cartos repartira.

–Feron seis anos moi bos –manifesta–. Foi un tempo de construír e construír. Fischler, o comisario, é un tipo incomún, unha persoa amable. Consegún que se namorase de Galicia. E tivemos nas nosas mans un grande orzamento. Eu asinaría máis de douscentos mil millóns de euros... Cando me fun, deille a pluma con que os asinei ao Celso Amorim, ministro de Negocios Estranxeiros do Brasil, logo do cume da OMC en Hong Kong, a miña derradeira negociación agrícola.

Da agricultura, pasando polo bioetanol brasileiro, saltamos á enerxía. O Cuqui fai un alto. Crava a ollada escura en min. Faime lembrar aquel rapaciño de cabelo crespo, acastañado, que conserva mais agora sobre unha cara que arredondou co bo vivir.

–Mira: o da enerxía é o grande reto da dirección xeral de Investigación –pasa a punta dos dedos polo labio inferior nun xesto exclusivo–. Europa ten capacidades científicas e técnicas como para ir modificando o paradigma enerxético, desde a economía do petróleo á do hidróxeno, e non está soa. Velaí o proxecto do ITER, o reactor de fusión nuclear, o maior proxecto de investigación do mundo. Participan o Xapón, Estados Unidos, Corea, Rusia, a India e a China, e o Brasil anda a petar á porta para que o aceptemos no consorcio. Pero constrúese en Europa porque levamos vinte anos a experimentar en imitarmos os procesos enerxéticos do sol e as estrelas...

Na Dirección Xeral de Investigación, no rechamante cuartel xeral da Square de Meeûs, Xosé Manuel Silva séntese a xeito, coas rédeas na man, dispoñendo unha estrutura de programas que

zando de las sustancias gallegas y charlando, se presentó una masa de gente con un cartelito en lengua franca: “I love Cuqui”.

El Cuqui, el director general de la Comisión que más beneficios había repartido.

–Fueron seis años muy buenos –manifesta–. Fue un tiempo de construir y construir. Fischler, el comisario, es un tipo inusual, una persona amable. Conseguí que se enamorase de Galicia. Y tuvimos en nuestras manos un gran presupuesto. Yo firmaría más de doscientos mil millones de euros... Cuando me fui, le di la pluma con la que los firmé a Celso Amorim, ministro de Negocios Extranjeros de Brasil, tras la cumbre de la OMC en Hong Kong, mi última negociación agrícola.

De la agricultura, pasando por el bioetanol brasileño, saltamos a la energía. El Cuqui hace un alto. Clava la mirada oscura en mí. Me hace recordar aquel muchachito de cabello crespo, acastañado, que conserva aún ahora sobre una cara que se redondeó con el buen vivir.

–Mira: lo de la energía es el gran reto de la dirección general de Investigación –pasa la punta de los dedos por el labio inferior en un gesto exclusivo–. Europa tiene capacidades científicas y técnicas como para ir modificando el paradigma energético, desde la economía del petróleo a la del hidrógeno, y no está sola. Ahí está el proyecto del ITER, el reactor de fusión nuclear, el mayor proyecto de investigación del mundo. Participan Japón, Estados Unidos, Corea, Rusia, India y China, y Brasil anda llamando a la puerta para que lo aceptemos en el consorcio. Pero se construye en Europa porque llevamos veinte años experimentando en imitar los procesos energéticos del sol y las estrellas...

En la Dirección General de Investigación, en el deslumbrante cuartel general de la Square de Meeûs, Xosé Manuel Silva se siente a gusto, tomando las riendas, disponiendo una estructura de programas que tocan en los *topics* fundamentales, que hagan a la Unión Europea competitiva precisamente con sus socios en el ITER...

–Parece que alguien muy poderoso dice que tú eres el chantadino más importante –le intento picar–, más que Paco del BBVA.

–Boh... Paco González es mucho Paco, un tipo genial. Son cosas diferentes, y somos amigos, y ya de familia.

Hay un silencio. Pasan ciclistas, senderistas, trotadores a caballo. Sí, son cosas diferentes: el Cuqui nunca deja de pensar



La Iliada
Viaje por España
La divina comedia
El corazón de las tinieblas
Harry Potter y la orden del fénix
La sombra del viento
Don Quijote de la Mancha
La isla del tesoro
Tirant lo Blanc
La inteligencia fracasada
Severo Ochoa y España
Cantares gallegos
El principito



pasión **por los libros**



El Corte Inglés

*ÁMBITO **cultural**

Tenemos pasión por tus libros, tus autores, tus personajes... Por eso te invitamos a descubrirlos en nuestra librería. En nuestras conferencias, cursos, seminarios... Los libros y la pasión por la cultura la encontrarás en Ámbito Cultural. En El Corte Inglés.



www.elcorteingles.es TU TIENDA DE LIBROS EN INTERNET

tocan nos *topics* fundamentais, os que fagan a Unión Europea competitiva precisamente cos seus socios no ITER...

–Seica alguén moi poderoso di que ti es o chantadino máis importante –tocolle coa punta da aguillada–, máis có Paco do BBVA.

–Boh... O Paco González é moito Paco, un tipo xenial. Son cousas diferentes, e somos amigos, e xa de familia.

Hai un silencio. Pasan ciclistas, sendeiristas, trotadores a caballo. Si, son cousas diferentes: o Cuqui nunca deixa de pensar en Galicia. Xa en 1972 saíu retratado como personaxe nunha colección de relatos de galegos en Madrid que devecían por voltar á súa terra. A vida do Silva enraizou nos socalcos da Ribeira, e desde alí ve o mundo. Desde alí viu moito mundo. Sempre desde alí.

–Eu quedei en Chantada porque morreu meu avó e os meus pais deixáronme coa avoa –explica–. Ficamos con ela eu e máis o meu curmán Chemari, a lle facermos compañía. Os nosos pais tiñan os seus traballos en Madrid, pero nós alá quedamos en Chantada. Eu fixen a primaria e o Bacharelato Elemental na vila. Ía á academia de Barreiro e tíñame que examinar por libre. Dese tempo veñen os amigos máis vellos. Despois aparecedes vós, os que coñecín en Madrid; se cadra, os que máis me marcades, porque aquela época foi alucinante...

–Antonte –recordo– viñen no avión da Coruña a Madrid co Manuel Torreiglesias...

–“Na noite meiga de Madrid, Pandeirada” –o director xeral de Investigación da Comisión Europea rompe a recitar anacos do programa de Radio España que dirixía o despois famosísimo presentador de televisión. Por ese programa pasou moita xente. Pola mente do Cuqui flúe unha fervenza de personaxes galegos ou próximos a Galicia: o Antonio Olano, o Juan Pardo, o Manuel Molares...

A fervenza remansa nun nome: Andrés do Barro. Eran veciños da rúa Reina Mercedes. Daquela o Cuqui estudaba para enxeñeiro agrónomo e o Andrés dicía que estudaba para mariño mercante. A amizade de veciños medrou coa paixón musical compartida. O Cuqui fixo e arranxou letras das cancións do Andrés; el foi quen puxo o Do Barro en contacto coa Coral de Chantada. Desa colaboración saíu o *Adeus, miña santiña* con que remata *O tren que me leva*, o documental sobre a vida –estrugada– do cantante.

Produciuno e dirixiuno o Anxo Fernández. Estreouse en Bruxelas. Non puidemos evitar as bágoas.

–Había moito que non evacuaba tanto líquido –foi o comentario da Chini ao rematar a proxección. Chini (Amelia Martínez) é a muller do Cuqui, a mai dos seus fillos, Manuel e Lucía.

–Mira que casares cunha manchega no Carballiño...

–Pois mira que casares ti cunha arxentina en Pontedeume... –devólveme o comentario.

–¿Por que fixemos cousas así? O Do Barro dicía que eu era un manchego quixotesco namorado dunha Dulcinea chamada Galicia, pero ti es galego de verdade, podías ser un emigrante máis integrado noutros mundos. Sen concesións.

en Galicia. Ya en 1972 salíu retratado como personaje en una colección de relatos de gallegos en Madrid que anhelaban regresar a su tierra. La vida de Silva se enraizó en los viñedos de la Ribeira, e desde alí ve el mundo. Desde alí vio mucho mundo. Siempre desde alí.

–Yo me quedé en Chantada porque falleció mi abuelo y mis padres me dejaron con la abuela –explica–. Permanecimos con ella yo y mi primo Chemari, para hacerle compañía. Nuestros padres tenían sus trabajos en Madrid, pero nosotros allí nos quedamos, en Chantada. Yo cursé la primaria y el Bachillerato Elemental en el pueblo. Iba a la academia de Barreiro y me tenía que examinar por libre. De ese tiempo son los amigos más viejos. Después aparecéis vosotros, los que conocí en Madrid; probablemente, los que más me marcasteis, porque aquella época fue alucinante...

–Anteayer –recuerdo– vine en el avión de Coruña a Madrid con Manuel Torreiglesias...

– “Na noite meiga de Madrid, Pandeirada” –el director ge-

“Europa ten capacidades científica e técnicas como para ir modificando o paradigma enerxético, desde a economía do petróleo a do hidróxeno, e non está soa.”

neral de Investigación de la Comisión Europea rompe a recitar fragmentos del programa de Radio España que dirigía el después famosísimo presentador de televisión. Por ese programa pasó mucha gente. Por la mente do Cuqui fluye una cascada de personajes gallegos o próximos a Galicia: Antonio Olano, Juan Pardo, Manuel Molares...

La cascada se remansa en un nombre: Andrés do Barro. Eran vecinos de la calle Reina Mercedes. Por entonces, el Cuqui estudiaba para ingeniero agrónomo y Andrés decía que estudiaba para marino mercante. La amistad de vecinos creció con la pasión musical compartida. Cuqui compuso y arregló letras de las canciones de Andrés; él fue quien puso a Do Barro en contacto con la Coral de Chantada. De esa colaboración salió el *Adeus, miña santiña* con que termina *O tren que me leva*, el documental sobre la vida –desgraciada– del cantante.

Lo produjo y dirigió Anxo Fernández. Se estrenó en Bruselas. No pudimos evitar las lágrimas.

–Hacía mucho que no evacuaba tanto líquido –fue el comentario de Chini al finalizar la proyección. Chini (Amelia Martínez) es la mujer de Cuqui, la madre de sus hijos, Manuel y Lucía.

A Chini acompañou a carreira do seu home. Tamén é funcionaria en Bruxelas. O Xosé Manuel acabou a carreira de enxeñeiro agrónomo e comezou unha sucesión de cursos que lle irían preparando o camiño ao que esperaba por el.

–Eu nunca che fun quen de andar a pedir choio. Sempre me viñeron buscar –asegura a ollar unha abadía antiga, con lagoíña e cisnes–. Eu creo na sorte, na ruín e na boa. Contra a ruín pouco che hai que facer; o malo é cando non se sabe aproveitar a boa, e coido que eu souben tratar con ela.

En 1977 conseguiu o Diploma en Comercio Exterior do CEU de Madrid. No 83, o de Comunidades europeas do CEPADE. Daquela xa era funcionario do Ministerio de Economía. Traballou na Dirección Xeral de Comercio Interior e na de Política Comercial. Da súa boca saen nomes con peso como Solbes ou Marín.

Recórdolle cando se me presentou na Coruña dicindo que a xente en Galicia non se decataba do que significaba a entrada de España na Comunidade Europea, todo o que ía mudar no campo, na pesca, no monte, na industria. En todo. Era tarde

“El reactor de fusión nuclear del ITER es el mayor proyecto de investigación del mundo. Participan Japón, Estados Unidos, Corea, Rusia la India y China. Se construye en Europa porque llevamos veinte años experimentando en imitar los procesos energéticos del sol y las estrellas”

dura de outono, o vento varría Riazor e el mostraba preocupación no rostro sempre alegre, pícaro. Xa estaba botada a súa sorte. Traballaba na Secretaría de Estado encargada das relacións coa CEE. Era conselleiro en asuntos agrícolas e membro da delegación española que negociaba a adhesión.

–Despois seguí co Marín cando o nomearon vicepresidente da Comisión Europea.

–O Fernando González Laxe estaba contigo e co Marín, no da pesca, ¿non?

–Estaba, pero a el nomeárono director xeral de Pesca en Madrid.

O Silva quedou en Bruxelas, desde 1986. Son xa vintedous anos. Unha vida. Os fillos criáronselle aquí, fixeron o bacharelato francés.

–Éche o mellor bacharelato, baseado nas linguaxes humanas e na matemática –toma postura–. Pero mandeinos estudar carreira en España: se van aquí á universidade, pérdenche as raíces.

A súa pequena está na universidade de Madrid. O máis vello alá estudou Económicas, seguiuse a formar en Hong Kong, seica

–Mira que casarte con una manchega en Carballiño...

–Pues mira que casarte tú con una argentina en Pontedeume... –me devuelve el comentario.

–¿Por qué hicimos cosas así? Do Barro decía que yo era un manchego quijotesco enamorado de una Dulcinea llamada Galicia, pero tú eres gallego de verdad, podías ser un emigrante más integrado en otros mundos. Sin concesiones.

Chini acompañou a carreira de su marido. También es funcionaria en Bruselas. Xosé Manuel acabou la carrera de ingeniero agrónomo y comenzó una sucesión de cursos que le irían preparando el camino a lo que le esperaba.

–Yo nunca fui de andar pidiendo curros. Siempre vinieron a buscarme –asegura observando una antigua abadía, con lagunita y cisnes–. Yo creo en la suerte, en la ruín y en la buena. Contra la ruín poco se puede hacer, lo malo es cuando no se sabe aprovechar la buena, y pienso que yo supe tratar con ella.

En 1977 consiguió el Diploma en Comercio Exterior del CEU de Madrid. En el 83, el de Comunidades europeas del CEPADE. Por entonces ya era funcionario del Ministerio de Economía. Trabajó en la Dirección General de Comercio Interior y en la de Política Comercial. De su boca salen nombres con peso como Solbes o Marín.

Le recuerdo cuando se me presentó en Coruña diciendo que la gente en Galicia no se daba cuenta de lo que significaba la entrada de España en la Comunidad Europea, todo lo que iba a cambiar en el campo, en la pesca, en el monte, en la industria. En todo. Era una tarde dura de otoño, el viento barría Riazor y él mostraba preocupación en su rostro siempre alegre, pícaro. Ya estaba echada su suerte. Trabajaba en la Secretaría de Estado encargada de las relaciones con la CEE. Era consejero en asuntos agrícolas y miembro de la delegación española que negociaba la adhesión.

–Después seguí con Marín cuando lo nombraron vicepresidente de la Comisión Europea.

–Fernando González Laxe estaba contigo y con Marín, en lo de la pesca, ¿no?

–Sí, estaba, pero a él lo nombraron director general de Pesca en Madrid.

Silva se quedó en Bruselas, desde 1986. Son ya veintidós años. Una vida. Los hijos se criaron aquí, hicieron el bachillerato francés.

–Es el mejor bachillerato, basado en los lenguajes humanos y en la matemática –toma postura–. Pero los mandé a estudiar la carrera en España: si van aquí a la universidad, pierden las raíces.

Su pequeña está en la universidad de Madrid. El mayor estudió Económicas, y siguió formándose en Hong Kong, habla mandarín pero trabaja para un banco en Madrid; e iba con frecuencia a ver a los abuelos en Chantada. Porque sabe que allí tiene las raíces; y viñas que algún día serán suyas.

En 1987 a Cuqui se le presentó la ocasión de ser funcionario en la Dirección General de Agricultura de la Comisión Europea. Tuvo la suerte de cara. Pasó a ser jefe de la División de Frutas y Hortalizas Transformadas: andaba en lo suyo. En el 90 era jefe de la División del Tabaco.

fala mandarín pero traballa para un banco en Madrid; e ía con frecuencia ver os avós en Chantada. Porque sabe que alí ten as raíces; e viñas que algún día han ser súas.

En 1987 ao Cuqui presentóuselle a ocasión de ser funcionario na Dirección Xeral de Agricultura da Comisión Europea. Colleu a sorte da man. Pasou a ser xefe da División de Froitas e Hortalizas Transformadas: andaba no seu. No 90 era xefe da División do Tabaco.

—¿Do tabaco en Europa?

—Pois si, con moitas complicacións, e non porque tive se comezado a campaña contra fumar. Houbo que se defender no choio.

No 91 outra retribución ao seu bo facer: noméano xefe da División do Viño, o Alcol e os Produtos Derivados.

—Ese posto déroncho por seres de onde es —xogo con retranca—. E porque sabes catar. Moito catarías.

—Moito descubrín da cultura do viño en Europa. Todo un mundo. Teño a mente chea de visións belísimas... Home, houbo que pelexar, axustar, apertar e ceder. Había que levantar viñas... Foi unha boa escola de administrador, porque eu sonche un administrador. Os meus coñecementos profesionais céntranse en administrar recursos.

—E en tratares xente, ho. Ti es un artista tratando o persoal.

—Algún inimigo terei, se cadra. Pero sería por ter sido consecuente coa administración que me encomendaron.

Pequeno silencio. Unhas pingas lentas e grosas baten nas follas das árbores. Neste territorio flamenco a chuvia non avisa, nin ofende.

No 93, outro ascenso: conselleiro principal da Dirección Xeral de Agricultura e director da Organización de Mercados dos Produtos Vexetais. Comezan as viaxes fóra de Europa. As Américas son vastidades a descubrir. A Arxentina convérteselle nunha constante necesidade de ir e ver. Compartimos sentimento, pensamos nas pampas cubertas de xeadas cando en Europa é verán. Unhas notas de *Invierno porteño* de Piazzola acompañannos un treito...

En 1997 é nomeado director xeral adxunto de Agricultura, encargado do desenvolvemento rural. Xa está a moi pouco do cume na escala funcionarial europea. Do 99 ao 2005 vai ser director xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural. Chegou.

—¿Del tabaco en Europa?

—Pues sí, con muchas complicaciones, y no porque hubiera comenzado la campaña contra fumar. Hubo que defenderse en el curro.

En el 91 otra retribución a su buen hacer: lo nombran jefe de la División del Vino, el Alcohol y los Productos Derivados.

—Ese puesto te lo dieron por ser de donde eres —juego con retranca—. Y porque sabes catar. Mucho catarías.

—Descubrí mucho de la cultura del vino en Europa. Todo un mundo. Tengo la mente llena de visiones bellísimas... Hombre, hubo que pelear, ajustar, apretar y ceder. Había que levantar viñas... Fue una buena escuela de administrador, porque yo soy administrador. Mis conocimientos profesionales se centran en administrar recursos.

—Y en tratar con gente, hombre. Tú eres un artista tratando al personal.

—Puede que tenga algún enemigo. Pero motivado por haber sido consecuente con la administración que me encomendaron.

Pequeno silencio. Unas gotas lentas y gruesas baten en las hojas de los árboles. En este territorio flamenco la lluvia no avisa, ni ofende.

En el 93, otro ascenso: consejero principal de la Dirección General de Agricultura y director de la Organización de Mercados de los Productos Vegetales. Comienzan los viajes fuera de Europa. Las Américas son inmen-

sidades a descubrir. Argentina se convierte en una constante necesidad de ir y ver. Compartimos sentimiento, pensamos en las pampas cubiertas de helada cuando en Europa es verano. Unas notas de *Invierno porteño* de Piazzola nos acompaña durante un trecho...

En 1997 es nombrado director general adjunto de Agricultura, encargado del desarrollo rural. Ya está a muy poco de la cima en la escala funcionarial europea. Del 99 al 2005 va a ser director general de Agricultura y Desarrollo Rural. Llegó.

—Ahora tienes el mandato de director general de Investigación hasta el 2010. ¿Y para entonces?

—Pues... —el Cuqui vuelve a pasar las puntas de los dedos sobre el labio y habla de combinaciones de españoles en Bru-



A Ribeira Sacra do seus amores e dos seus viñedos | La Ribeira Sacra de sus amores y de sus viñas.



Igualdade de oportunidades, no colexio e na vida.

A educación está a cambiar Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

—Agora tes o mandato de director xeral de Investigación ata o 2010. ¿E daquela?

—Pois... —o Cuqui volve pasar as puntas dos dedos sobre o beizo e fala de combinacións de españois en Bruxelas, de ceder postos para que outros fagan carreira. Dá nomes e exemplos coa mesma mostra de xenerosidade con que en Chantada convida a carne ao caldeiro no campo da feira.

—Algo han facer contigo, ho.

—Farán, si; pero eu penso en Galicia, na miña casa de Oleiros, nos paseos marítimos...

Se cadra pensa en abandonar algún día a súa axenda de home de acción, teimudo, encaixador de tempos. Lembro o día en que o acompañei de Bruxelas a Santiago: traballou na Dirección Xeral e voamos para ver *Così fan tutte* na Coruña. Ao día seguinte almorzamos con investigadores en farmacoxenética e el foi despachar co alcalde Losada. Xantamos en Compostela con responsables do sistema de I+D+i de Galicia. O Cuqui deu aula sobre esa materia nun curso de mestrado da Universidade e foi cear en Chantada “cos da denominación de orixe”.

A se ver cando Bruxelas lle concede a xubilación... Pero el pensa en voltar.

—Ti, Cuquiño, serías o grande abridor de portas de Galicia no mundo. Décheslle a man a todos os que mandaron, mandan e mandarán. Habíache que dar alá un choio de gurú, de sabio, mestre intocable...


—Home, eu algo quixera ir facendo, moi concreto, pola miña terra. E quixera estar convosco, cos que nos coñecemos naquel Madrid dos anos 60, no que Galicia era algo máis ca unha ilusión de rapaces.

—Pois xa sabes que todos os que se entregaron a Madrid só pensan no día da xubilación en Limodre, Cabanas, Pontedeume, Miño, Sada, Oleiros...

El sabe ben a quen me refiro, e cala. Estamos chegando á fin do paseo. “Monsieur le Directeur Général” vai seguir cara á casa, e eu cara ao metro. Cántolle estrofas dunha toada amolecedora do Frank Sinatra, na que di estar “in the Autumn of my life”. Pero o do Cuqui non é outono senón final de verán, cando se anuncia a vendimia. Fixo moito, aínda lle cómpre colleitar e a un traballador primoroso coma el non o van deixar marchar doadamente os donos da viña. Seguirá co corazón dividido, entre Bruxelas e Chantada, mandando coidar a casa de Oleiros.

Á boca do metro dime que marcha á India e anda preocupado por que no consulado español lle fagan un pasaporte. O actual é novo, pero xa non lle quedan páxinas onde escribir e carimbar. Dáme unha palmada no lombo e cruza a avenida.

No vagón do metro ecoa na miña mente *O tren* “que me leva pola beira do Miño / me leva e me leva polo meu camiño...”. A fama foi do Andrés; a idea, do Cuqui. Veláí unha vida: a dun impulsor amable, un facilitador de mudanzas, de creacións, de realidades... Se cadra, por moito que tente imitar o seu pai lonxevo, non chegará a ver funcionando o reactor de fusión nuclear que vai mudar a realidade enerxética do mundo.

Pero xa está a mirar por el, a crealo e administralo: cousas do Cuqui de Chantada. 

selas, de ceder postos para que outros hagan carrera. Da nombres y ejemplos con la misma muestra de generosidad con que en Chantada invita a *carne ao caldeiro* en las fiestas.

—Algo harán contigo, hombre.

—Algo harán, sí; pero yo pienso en Galicia, en mi casa de Oleiros, en los paseos marítimos...

Quizá piensa en abandonar algún día su agenda de hombre de acción, tenaz, ensamblador de tiempos. Recuerdo el día en que le acompañé desde Bruselas a Santiago: trabajó en la Dirección General y volamos para ver *Così fan tutte* en Coruña. Al día siguiente almorzamos con investigadores en farmacogenética y él fue a despachar con el alcalde Losada. Comimos en Compostela con responsables del sistema de I+D+I de Galicia. Cuqui dio clase sobre esa materia en un curso de enseñanza de la Universidad y fue a cenar en Chantada “con los de la denominación de origen”.

A ver cuándo Bruselas le concede la jubilación... Pero él piensa en volver.

—Tú, Cuquiño, serías el gran abridor de puertas de Galicia en el mundo. Le diste la mano a todos los que mandaron, mandan y mandarán. Tenían que darte allí un trabajo de gurú, de sabio, maestro intocable...


—Hombre, yo quisiera ir haciendo algo, muy concreto, por mi tierra. Y quisiera estar con vosotros, con los que nos conocimos en aquel Madrid de los años 60, en el que Galicia era algo más que una ilusión de muchachos.

—Pues ya sabes que todos los que se entregaron a Madrid sólo piensan en el día de la jubilación en Limodre, Cabanas, Pontedeume, Miño, Sada, Oleiros...

Él sabe bien a quienes me refiero, y calla. Estamos llegando al final del paseo. “Monsieur le Directeur Général” va a seguir hacia casa, y yo hacia el metro. Le canto estrofas de una melancolía tonada de Frank Sinatra, en la que dice estar “in the Autumn of my life”. Pero lo del Cuqui no es otoño sino final de verano, cuando se anuncia la vendimia. Hizo mucho, aún le queda por recolectar y a un trabajador primoroso como él no le van a dejar marchar fácilmente los dueños de la viña. Seguirá con el corazón dividido, entre Bruselas y Chantada, mandando cuidar la casa de Oleiros.

En la boca del metro me dice que se marcha a la India y está preocupado por que en el consulado español le hagan un pasaporte. El actual es nuevo, pero ya no le quedan páginas donde escribir y timbrar. Me da una palmada en la espalda y cruza la avenida.

En el vagón de metro resuena en mi mente *O tren* “que me leva pola beira do Miño / me leva e me leva polo meu camiño...”. La fama fue de Andrés; la idea, del Cuqui. He ahí una vida: la de un impulsor amable, un simplificador de mudanzas, de creaciones, de realidades... Es posible, por mucho que intente imitar a su longevo padre, que no llegue a ver funcionando el reactor de fusión nuclear que va a cambiar la realidad energética del mundo.

Pero ya está pendiente de él, en la creación y administración: cosas del Cuqui de Chantada. 

Arrendamento de fincas a través do

Ban Te Gal

Bancode Terras de Galiza



info www.bantegal.com

Garantía de cobro da renda de aluguer

Garantía da devolución da finca nas mesmas condicións de uso

A garantía dun Banco Público. Con todas as garantías.



Ban Te Gal
Bancode Terras de Galiza



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



medio rural